

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 10 de abril de 2015
--

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o dez de abril do ano dous mil quince, ás trece horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia do titular don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados, don Plácido Álvarez Dobaño, don José Antonio Feijóo Alonso, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don José Manuel Freire Couto, don Antonio Montero Fernández, don Emilio José Pazos Ojea e don Eladio Mangana Nóvoa, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Non asiste á sesión o deputado provincial e vicepresidente 1º, don Rosendo Luis Fernández Fernández.

Asiste a interventora, dona Mónica Legaspi Díaz, e dá fe do acto, o secretario xeral, don Francisco Cacharro Gosende.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 27 DE MARZO DE 2015.-

Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día vinte e sete de marzo de dous mil quince, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- CONCESIÓN DE BONIFICACIÓNS NAS TARIFAS POR USO DAS INSTALACIÓNS DO PAZO DOS DEPORTES “PACO PAZ”.-

Unha vez vista a proposta de concesión de bonificacións nas tarifas por uso das instalacións do Pazo dos Deportes “Paco Paz”, formulada polo Servizo de Deportes con data 31 de marzo de 2015, considerando a dita proposta axustada ó establecido no artigo 5 da Ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación de servizos e realización de actividades no Pazo dos Deportes “Paco Paz”, ó abeiro das ditas normas, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Concederlle á entidade “Club Deportivo Ourela” a porcentaxe do 75% de bonificación nas tarifas polo uso das instalacións deportivas do Pazo dos Deportes “Paco Paz” para a organización da Copa Galega de Grupos de Show de Patinaxe Artística o 18 de abril de 2015.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 10 de abril de 2015
--

3.- RESOLUCIÓN DE RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR DON JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ ORTEGA, PRESIDENTE DO CLUB DE PIRAGÜISMO FLUVIAL ALLARIZ.-

En data 16 de decembro de 2014, don José Manuel Fernández Ortega, presidente do Club de Piragüismo Fluvial Allariz, presentou no Rexistro desta Deputación recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno, de data 28 de novembro de 2014, de resolución da convocatoria do concurso público para concesión de subvencións para organización de eventos deportivos 2014.

Unha vez visto o informe pertinente e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

Desestima-lo recurso potestativo de reposición (polos motivos expostos na proposta do día 8 de abril de 2015 que se considera incorporada á presente resolución e que se incluírá como documento anexo na documentación do interesado) interposto por don José Manuel Fernández Ortega, presidente do Club de Piragüismo Fluvial Allariz, contra o acordo da Xunta de Goberno de data 28 de novembro de 2014, de resolución da convocatoria do concurso público para concesión de subvencións para organización de eventos deportivos 2014, confirmando a validez do dito acordo e, por conseguinte, excluír da valoración o proxecto presentado e denominado “Xornadas Deportivas Fluvial Allariz”, por tratarse dunha solicitude que non ten encaixe nesta convocatoria.

4.- DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO A PERCIBIR AS SUBVENCIONS CONCEDIDAS CON CARGO AO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS PARA A EXECUCIÓN DE INVESTIMENTOS EN MATERIA DE TERMALISMO, CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2014.-

Unha vez visto o informe-proposta formulado polo xefe do Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio con data 27 de marzo de 2015, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Declara-la perda do dereito a percibir as subvencións concedidas ós concellos e polos importes que seguidamente se relacionan, no marco do Programa provincial de cooperación cos concellos para a execución de investimentos en materia de termalismo, correspondente ao exercicio 2014:

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 10 de abril de 2015
--

CONCELLO	INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE	IMPORTE DA SUBVENCIÓN €
PUNXÍN	49.211,30	42.742,63
IMPORTE TOTAL:		42.742,63

O motivo da perda do dereito á subvención é a falta de xustificación da contratación no prazo previsto nas bases do programa dos investimentos subvencionados.

5.- DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO A PERCIBIR AS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS CON CARGO AO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS PARA A EXECUCIÓN DE INVESTIMENTOS EN MATERIA DE SERVIZOS CULTURAIS E EDUCATIVOS, CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2014.-

Unha vez visto o informe-proposta formulado polo xefe do Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio con data 27 de marzo de 2015, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Declara-la perda do dereito a percibir as subvencións concedidas ós concellos e polos importes que seguidamente se relacionan, no marco do Programa provincial de cooperación cos concellos para a execución de investimentos en materia de servizos culturais e educativos, correspondente ao exercicio 2014:

CONCELLO	GASTO CORRENTE SUBVENCIONABLE	IMPORTE DA SUBVENCIÓN EUROS
BEARIZ	12.964,50	1.181,48
CARTELLE	40.939,14	3.578,68
SAN CRISTOVO DE CEA	65.140,94	5.012,72
IMPORTE TOTAL		9.772,88

O motivo da perda do dereito á subvención é a falta de xustificación da contratación no prazo previsto nas bases do programa dos investimentos subvencionados.

6.- DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO A PERCIBIR AS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS CON CARGO AO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS PARA A EXECUCIÓN DE INVESTIMENTOS EN MATERIA DE INFRAESTRUTURAS CULTURAIS CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2014.-

Unha vez visto o informe-proposta formulado polo xefe do Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio con data 27 de

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 10 de abril de 2015
--

marzo de 2015, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

- Declara-la perda do dereito a percibir as subvencións concedidas ós concellos e polos importes que seguidamente se relacionan, no marco do Programa provincial de cooperación cos concellos para a execución de investimentos en materia de infraestruturas culturais, correspondente ao exercicio 2014:

CONCELLO	INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE	IMPORTE DA SUBVENCIÓN EUROS
AMOEIRO	50.194,43	13.190,79
BARCO DE VALDEORRAS	27.836,05	6.768,65
BEARIZ	74.971,82	20.382,97
CARTELLE	6.978,07	2.672,04
GUDIÑA	36.200,00	10.588,05
IRIXO	18.750,17	6.268,13
LAZA	23.159,40	7.554,10
LAZA	19.503,99	6.691,65
MACEDA	55.000,00	13.968,53
MACEDA	20.000,00	5.736,80
MELÓN	21.598,50	7.323,08
MUIÑOS	22.457,34	7.076,67
MUIÑOS	22.385,00	7.061,27
PEREIRO DE AGUIAR	7.252,57	2.202,32
PORQUEIRA	48.964,00	14.769,37
RIBADAVIA	53.040,42	13.075,28
SAN CRITOVO DE CEA	24.599,72	7.045,87
SARREAUS	12.283,92	5.174,67
VEIGA	127.050,00	33.011,63
IMPORTE TOTAL		190.561,77

O motivo da perda do dereito á subvención é a falta de xustificación da contratación no prazo previsto nas bases do programa dos investimentos subvencionados.

7.- DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO A PERCIBIR AS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS CON CARGO AO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS PARA A EXECUCIÓN DE INVESTIMENTOS EN MATERIA DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2014.

- Unha vez visto o informe-proposta formulado polo xefe do Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio con data 27 de marzo de 2015, e de conformidade

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 10 de abril de 2015
--

coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Declara-la perda do dereito a percibir as subvencións concedidas ós concellos e polos importes que seguidamente se relacionan, no marco do Programa provincial de cooperación cos concellos para a execución de investimentos en materia de infraestruturas deportivas, correspondente ao exercicio 2014:

CONCELLO	INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE	IMPORTE DA SUBVENCIÓN EUROS
AMOEIRO	49.836,98	7.472,87
BALTAR	43.192,77	8.565,40
BEARIZ	50.000,00	9.037,37
CALVOS DE RANDÍN	15.000,00	5.226,64
CARBALLEDA DE AVIA	11.303,22	3.801,99
CELANOVA	30.957,74	4.291,44
GUDIÑA	23.100,00	5.086,80
LAROUCO	50.000,00	12.288,72
LAZA	30.000,00	5.934,60
MACEDA	369.037,27	44.872,19
MANZANEDA	41.164,20	8.530,44
MELÓN	9.389,18	3.653,40
MEZQUITA	29.016,62	6.467,75
MUIÑOS	19.943,34	4.396,32
PADRENDA	49.092,20	7.472,87
PARADA DE SIL	44.472,75	10.794,15
PEREIRO DE AGUIAR	22.194,33	3.190,17
PETÍN	27.000,00	6.799,88
PORQUEIRA	40.661,59	8.504,21
RIBADAVIA	50.863,10	6.703,73
SAN CIBRAO DAS VIÑAS	15.150,63	2.517,18
SAN CRISTOVO DE CEA	36.010,47	5.689,87
VIANA DO BOLO	60.500,00	8.285,71
VILAMARÍN	48.566,58	7.420,43
VILARIÑO DE CONSO	33.692,75	9.360,75
IMPORTE TOTAL		206.364,88

O motivo da perda do dereito á subvención é a falta de xustificación da contratación no prazo previsto nas bases do programa dos investimentos subvencionados.

8.- DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO A PERCIBIR DIVERSAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS CON CARGO AO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS PARA A EXECUCIÓN DE INVESTIMENTOS

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 10 de abril de 2015
--

EN MATERIA DE PARQUES, XARDÍNS E ZONAS VERDES, CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2014.- Unha vez visto o informe-proposta formulado polo xefe do Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio con data 6 de abril de 2015, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1.- O recoñecemento do dereito a percibir a subvención concedida ós concellos e polos importes que seguidamente se relacionan:

CONCELLO	INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE	IMPORTE DA SUBVENCIÓN EUROS
BOBORÁS	21.780,00	4.836,14

A subvención inicialmente concedida era de 6.394,45 €, para unha actuación orzada en 28.798,00 €. Dado que o investimento finalmente xustificado foi de 21.780,00 €, de conformidade co establecido no apartado 4º da base 12ª do programa, ó xustificarse unicamente a execución parcial do proxecto, a subvención reducirase proporcionalmente, quedando o seu importe fixado en 4.836,14 €, e declarándose a perda do dereito ó resto da subvención.

2.- A perda do dereito a percibir as subvencións concedidas ós concellos e polos importes que seguidamente se relacionan:

CONCELLO	INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE	IMPORTE DA SUBVENCIÓN EUROS
AMOEIRO	50.000,00	10.937,36
BEARIZ	50.000,00	11.317,55
CARBALLEDA DE AVIA	22.894,41	5.436,46
ENTRIMO	6.497,70	2.036,26
GUDIÑA	21.000,00	5.009,02
IRIXO	22.700,76	5.307,58
LAZA	50.000,00	11.137,12
MELÓN	21.598,50	5.183,00
MEZQUITA	10.397,53	2.940,54
MONTEDERRAMO	10.000,00	3.129,56
MUÍÑOS	33.839,22	7.642,41
MUÍÑOS	9.225,39	2.446,52
PEREIRO DE AGUIAR	31.802,86	6.849,81
PORQUEIRA	23.596,16	5.885,38
QUINTELA DE LEIRADO	10.329,06	3.479,68
RIBADAVIA	23.766,76	5.183,00

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 10 de abril de 2015
--

SAN CIBRAO DAS VIÑAS	8.500,00	1.971,82
VILARDEVÓS	19.030,65	4.439,81
IMPORTE TOTAL		106.727,33

O motivo da perda do dereito á subvención é a falta de xustificación da contratación no prazo previsto nas bases do programa dos investimentos subvencionados.

9.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONCELLO DE CENLLE, PARA FINANCIAMENTO E EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO PARA A RECUPERACIÓN DO ARROIO DE REGUEIRO E MELLORA DO SANEAMENTO DE LAIAS.-

Con data 26 de febreiro de 2015, a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Cenlle subscribiron un protocolo de colaboración en relación co financiamento e execución das obras do proxecto para a recuperación do arroio de Regueiro e mellora do saneamento de Laias, no municipio de Cenlle.

Posteriormente, e en execución do previsto no dito protocolo, negociouse a subscrición do correspondente convenio de colaboración, no que se concretan as obrigas das partes.

A colaboración da Deputación, segundo o referido convenio, concrétese na concesión dunha subvención nominativa (xa prevista nos orzamentos da Deputación para o exercicio 2015), que de conformidade co artigo 65 do RD 887/2006, do 21 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, pode concederse a través dun convenio, que terá o carácter de bases reguladoras da concesión, recollendo o citado convenio os requisitos esixidos polo apartado 3 do dito artigo 65.

Polo exposto, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º.- Aproba-lo convenio de colaboración entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Cenlle, para financiamento e execución das obras do proxecto para a recuperación do arroio de Regueiro e mellora do saneamento de Laias con suxeición ás seguintes cláusulas:

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 10 de abril de 2015
--

“PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto determina-las condicións que rexerán o financiamento, execución e posterior entrega das obras e a formalización da encomenda de xestión para o mantemento e conservación das obras e instalacións contempladas no proxecto titulado “Proxecto para a recuperación do arroio de Regueiro e mellora do saneamento en Laias, TM de Cenlle (Ourense)”.

SEGUNDA.- DURACIÓN, MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN DO CONVENIO

1.- O presente convenio producirá efectos a partir da data da súa subscrición; en relación coa súa vixencia haberá que ter en conta o seguinte:

a) Vixencia en canto á execución das obras

A súa vixencia concluírá cando teñan finalizado as actuacións obxecto deste convenio e se teña procedido á recepción das obras, liquidación do contrato e finalización do prazo de garantía.

b) Vixencia en canto á encomenda de xestión.

A súa vixencia será indefinida, a partir da data de entrega das actuacións conforme co establecido nas cláusulas sétima e décimo terceira.

2.- O convenio poderá extinguirse, durante a súa vixencia, por algunha das seguintes causas:

- a) O mutuo acordo das partes que o subscriben.*
- b) A entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.*
- c) O incumprimento de calquera das súas cláusulas.*

Nos ditos supostos establecerase, en función da causa concreta de extinción e á vista da situación particular das actuacións en curso, a forma de continuación destas e a forma de entrega das obras ó organismo competente.

3.- As posibles modificacións deste convenio deberán formalizarse mediante a subscrición do correspondente instrumento modificativo, cos mesmos requisitos e condicións esixidos para a aprobación do inicial.

TERCEIRA.-DESCRIPCIÓN DA OBRA

O obxectivo da actuación recollerase no “Proxecto para a recuperación do arroio de Regueiro e mellora do saneamento en Laias, TM de Cenlle (Ourense)” e consistirá na execución dun novo colector de saneamento na parroquia de Laias entre o lavadoiro existente augas abaixo do paso inferior da autovía A-52 ata o entronque coa estrada que pasa baixo o ferrocarril, así como a execución dun tramo de canalización do arroio de Regueiro mediante sección trapezial aberta e

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 10 de abril de 2015
--

camiño de servidume de dous metros de ancho.

CUARTA.- CUSTO DAS ACTUACIÓNS E FINANCIAMENTO RELATIVO Á EXECUCIÓN DAS OBRAS E INSTALACIÓNS

1.- O investimento total necesario para a actuación estímose en 350.000 €.

2.- As actuacións financiaranse con cargo ó Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) dentro do Programa Operativo de Galicia 2007-2013 e cos fondos nacionais necesarios para cofinancia-lo dito fondo estrutural.

Para afrontar-lo custo do investimento, existe crédito, adecuado e suficiente, de acordo coas anualidades previstas na cláusula terceira, na aplicación orzamentaria 456A 600, código de proxecto 2012.23.231.0005 do orzamento de gastos da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

A achega do FEDER correrá por conta da Confederación Hidrográfica. A da parte nacional correspóndelle á Deputación de Ourense e ó Concello de Cenlle, que haberá de ser con fondos compatibles cos obtidos do FEDER.

3. De acordo co anterior, o financiamento da obra realizarase de conformidade coa seguinte fórmula:

- A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil achegará 280.000,00 euros do custo inicialmente previsto, o que supón unha porcentaxe do 80% do investimento inicialmente previsto.*
- O Concello de Cenlle achegará 50.000 euros, do custo inicialmente previsto, o que supón unha porcentaxe do 14,30% do investimento inicialmente previsto.*
- A Deputación Provincial de Ourense achegará a contía de 20.000,00 euros, o que supón unha porcentaxe do 5,70% do investimento inicialmente previsto.*

4. As tres partes asumirán, en idéntica porcentaxe (80%, 14,30% e 5,70%) cada unha, as variacións económicas que se poidan producir, á alza ou á baixa, por modificacións, revisións de prezos, liquidación do contrato, obras complementarias, así como por calquera outra modificación que se aprobe na execución dos contratos de obras ou servizos. Se as ditas variacións supuxesen que o custo total das actuacións resultase superior ó inicialmente previsto (cláusula 4.1 do presente convenio) o financiamento adicional necesario instrumentaríase mediante a oportuna modificación do presente texto convencional, tramitándose a correspondente addenda.

5. Con cargo ó importe previsto na cláusula 4.1 a CHMS afrontará tanto o custo do proxecto, como da obra, a dirección e vixilancia desta, ademais dos gastos correspondentes ás medidas de seguridade e saúde. Os valores estimados para cada un destes conceptos son:

- Asistencia técnica para a redacción do proxecto: estímase en 15.000,00 euros, Imposto do valor*

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 10 de abril de 2015
--

engadido incluído.

- Contrato de obras, incluíndo medidas de seguridade e saúde: estímase en 300.000,00 euros, Imposto do valor engadido incluído.

- Asistencia técnica para a dirección das obras: estímase en 35.000,00 euros, Imposto do valor engadido incluído.

QUINTA.- ANUALIDADES E ACHEGAS.

1.- A actuación obxecto do presente convenio órzase unicamente na anualidade de 2015. A distribución dos importes correspondentes a cada cofinanciador indícase no anexo I ó presente convenio. Non obstante, a distribución de anualidades poderá modificarse, se resultase necesario incrementa-lo número daquelas, para acomoda-lo financiamento á execución das actuacións.

2. As achegas do Concello de Cenlle e da Deputación de Ourense materializaranse mediante a transferencia dos fondos precisos á CHMS, previa certificación por esta dos compromisos adquiridos (fase contable D) xunto coa copia dos documentos acreditativos do gasto comprometido; ou retido, en caso da liquidación final.

Non obstante, para os efectos de declarar xustificada a subvención, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil remitiralle á Deputación Provincial de Ourense xustificación dos gastos realizados (copia compulsada dos documentos contables OP, certificación e factura) antes do 30 de decembro de 2015.

3. As transferencias de fondos efectuaranse no prazo de dous meses desde a recepción da precitada certificación. Serán ingresadas na conta que a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil ten aberta no Banco de España: 9000 0022 10 0200001328.

O importe reflectido na cláusula cuarta-4, será o máximo que o Concello de Cenlle e a Deputación de Ourense teñan que achegar no exercicio 2015, con independencia de que o ritmo de execución das actuacións fose superior, salvo que se modifique previamente o importe total do convenio, caso no que lles corresponderá a cantidade derivada da dita novación convencional.

4. Cando se prevexa que a execución non alcance a contía inicialmente prevista para unha anualidade, a CHMS porao en coñecemento do Concello de Cenlle e da Deputación de Ourense para que estes poidan efectua-los oportunos axustes financeiros e orzamentarios, como un reaxuste de anualidades. A dita comunicación haberá de realizarse antes de que conclúa o mes de outubro.

5. Se é o caso, o importe non certificado pasará, automaticamente, ó exercicio 2016.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 10 de abril de 2015
--

SEXTA.-TRAMITACIÓN DOS EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

1. A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil licitará, adxudicará e xestionará os contratos da obra, servizos e calquera outros necesarios para a execución do presente convenio, ata a terminación definitiva das obras.
2. As posibles incidencias nos contratos de obra ou servizo, así como as actuacións complementarias a estes, unha vez aprobadas polo presidente da confederación, como órgano de contratación do organismo de conca, seranlles comunicadas ó Concello de Cenlle e á Deputación de Ourense en relación co establecido nas cláusulas cuarta e quinta.

SÉTIMA.- ENTREGA E RECEPCIÓN DAS ACTUACIÓNS

1. Unha vez finalizadas e recibidas as obras por parte da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, comunicaráselles ó Concello de Cenlle e á Deputación de Ourense tal circunstancia, achegando unha copia da acta de recepción, sendo entregadas para o seu uso público ó Concello de Cenlle para o seu mantemento e conservación.
2. A dita entrega poderá realizarse por fases, cando, de acordo co disposto no artigo 235.5 d) do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público e no artigo 165 do Regulamento xeral de contratos das administracións públicas, caiba a recepción parcial da obra e a súa entrega para o uso público ó que está destinada.
- 3.- A entrega entenderase materializada pola mera notificación ó Concello de Cenlle achegando unha copia da acta de recepción. A partir deste momento, a dita entidade local asumirá tódolos dereitos e obrigas inherentes ó cesionario.
- 4.- A entrega das precitadas obras efectuarase polo organismo de conca en adecuadas condicións de uso.

OITAVA.- OBBIGAS E FACULTADES DA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL

Correspóndenlle á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, as seguintes obrigas:

1. O financiamento das actuacións de acordo co disposto nas cláusulas cuarta e quinta do presente convenio.
2. Licitar, adxudicar e xestiona-los contratos da obra e servizos precisos, así como as demais actuacións precisas para executa-lo convenio de colaboración ata a súa terminación definitiva.
3. Realizar, unha vez terminadas as obras, a recepción destas.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 10 de abril de 2015
--

4. *Unha vez recibidas as obras en adecuadas condicións de uso, notificarlle este acto ó concello, achegando unha copia da acta de recepción a modo de entrega, para que este asuma a súa xestión, mantemento e conservación.*
5. *A posta a disposición da encomendada das instalacións que cumpran as condicións técnicas e legais necesarias para o seu funcionamento.*
6. *A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil quedará obrigada durante a duración do prazo de garantía, dun ano, á reparación daqueles defectos imputables á execución e que se manifesten con posterioridade ó acto de recepción. Esta garantía non cubrirá as deterioracións por un uso inadecuado das instalacións, nin os debidos a actos vandálicos, nin as deterioracións debidas ó paso do tempo, nin defectos no cumprimento das condicións de vertido.*

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil resérvase as funcións de inspección e control sobre os bens cuxo uso se entrega.

NOVENA.- OBRIGAS E FACULTADES DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

- 1.- *A Deputación Provincial de Ourense asume a achega da parte nacional do financiamento, conforme co establecido nas cláusulas cuarta e quinta.*
- 2.- *A entidade local acepta que a explotación e conservación das obras realizadas se leve a cabo polo Concello de Cenlle en virtude da encomenda de xestión que se articula na cláusula duodécima.*

DÉCIMA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE CENLLE

Corresponderanlle ó Concello de Cenlle, as seguintes obrigas:

1. *O financiamento das actuacións de acordo co disposto nas cláusulas cuarta e quinta do presente convenio.*
2. *A xestión, explotación, mantemento e conservación das obras obxecto deste convenio, a partir do día seguinte á recepción da notificación descrita no punto primeiro da cláusula sétima, converténdose para todos os efectos, no único responsable da infraestrutura construída, asumindo os dereitos, obrigas e cargas inherentes ó dito mantemento e conservación.*
3. *O pago de todos cantos tributos graven as ditas instalacións, incluso, se é o caso, o Imposto sobre bens inmoables e os custos de subministracións e servizos necesarios para a conservación das instalacións e en xeral, de todos os gastos derivados da xestión, mantemento e conservación das obras obxecto deste convenio.*
4. *A aprobación do proxecto construtivo de forma que substitúa ó outorgamento da licenza municipal, en caso de que esta resultara necesaria.*

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 10 de abril de 2015
--

5. *Realizar as obras de mantemento e conservación das infraestruturas que sexan necesarias, comprometéndose a asumi-los gastos que destas poidan derivarse.*
6. *Facerse cargo das consecuencias financeiras derivadas de correccións impostas polas institucións da Unión Europea, cando a súa causa sexa imputable a actuacións da dita corporación.*
7. *En xeral, todas aquelas obrigas que no sexan directamente atribuíbles ó titular das instalacións e do servizo que se encomenda.*

UNDÉCIMA.- FACULTADES DO CONCELLO DE CENLLE

O Concello de Cenlle queda autorizado, a partir da entrega do construído, a utiliza-las obras entregadas de acordo cos fins que motivaron a súa execución.

DUODÉCIMA.- RÉXIME DE TITULARIDADE E ENCOMENDA DE XESTIÓN

1.- *A presente cesión, en réxime de encomenda de xestión, non supón cambio no réxime da titularidade das obras e instalacións obxecto desta, sen prexuízo das competencias que sobre a materia lle corresponden ó Estado.*

2.- *De acordo co anterior, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (encomendante) encoméndalle a xestión para o mantemento e conservación das obras de infraestrutura de saneamento realizadas ó Concello de Cenlle (encomendado) que as acepta.*

3.- *Esta encomenda ten carácter indefinido, sen prexuízo da posibilidade de revogación por motivos de interese xeral, ou ben, previa denuncia das partes, con preaviso de seis meses, por incumprimento das obrigas respectivamente asumidas no presente instrumento.*

4.- *Non obstante o dito réxime, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil consente expresamente que o Concello de Cenlle poida xestiona-la explotación, mantemento e conservación das instalacións obxecto do presente convenio, directa ou indirectamente, segundo o establecido na normativa vixente.*

DÉCIMO TERCEIRA.- TARIFA DE SANEAMENTO

A obra consiste nunha mellora da rede de saneamento, pero non supón un incremento de poboación servida. Reduciranse vertidos ós leitos e o tratamento da auga será máis efectivo, o que redundará nunha mellora de calidade do medio acuático e na aseguranza das condicións legais de vertido. Sen embargo, non suporá maiores custos de explotación e, polo tanto, non debe afectarlle á tarifa de

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 10 de abril de 2015
--

saneamento. Por isto, o Concello de Cenlle comprométese a non realizar, en ningún caso, incrementos da tarifa de saneamento xustificados pola amortización das obras realizadas dentro deste convenio e/ou o mantemento destas. De incumpri-lo anterior, o concello deberá facerse cargo do importe da descertificación que puidese producirse polo incremento de ingresos de explotación, ademais de calquera outro prexuízo que poida ocasionárselle á CHMS polo indicado anteriormente.

DÉCIMO CUARTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o desenvolvemento desta colaboración e ata o momento da entrega das actuacións, establécese unha Comisión Técnica Mixta -que estará composta por dous representantes da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, un representante da Deputación de Ourense (este ata que non se reciban e entreguen as obras) e un representante do Concello de Cenlle que se reunirán tantas veces sexa necesario, a petición de calquera das partes. Unha vez entregadas as obras, corresponderanlle ambos representantes ó concello de referencia.

Esta comisión coordinará as actuacións relacionadas co obxecto do presente convenio, intentando resolve-las dúbidas que poidan xurdir en canto á súa execución.

DÉCIMO QUINTA.- ORDE XURISDICCIONAL COMPETENTE

Sen prexuízo das funcións que se lle atribúen á Comisión de Seguimento na cláusula anterior, as cuestións litixiosas que poidan suscitarse respecto á aplicación, interpretación e cumprimento do seu contido, serán competencia da Orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

DÉCIMO SEXTA.- PUBLICIDADE

Este convenio de colaboración será obxecto de publicación de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Neste sentido, as partes prestan expresamente o seu consentimento para que se lle dea ó presente convenio a publicidade esixida”.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 10 de abril de 2015
--

ANEXO I

ANUALIDADES PREVISTAS

Proxecto para a recuperación do regato de Regueiro e mellora do saneamento en Laias, TM de Cenlle (Ourense)

PROGRAMACIÓN INICIAL DAS ANUALIDADES PREVISTAS

	TOTAL	Confederación Hidrográfica dO Miño-Sil (80%)	Deputación de Ourense (5,70 %)	Concello de Cenlle (14,30%)
2015	350.000,00 €	280.000,00 €	20.000,00 €	50.000,00 €
TOTAL	350.000,00 €	280.000,00 €	20.000,00 €	50.000,00 €

2º.- Autorizar e dispo-lo gasto correspondente á achega comprometida no dito convenio pola Deputación Provincial para a anualidade 2015, conforme coa cláusula 4ª do referido convenio, por un importe de 20.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 72109/17911 do orzamento da Deputación Provincial para o exercicio 2015.

10.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONCELLO DE PETÍN, PARA FINANCIAMENTO E EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE MELLORA DO TRATAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS DO NÚCLEO DE PORTOMOURISCO.-

Con data 19 de febreiro de 2015, a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Petín subscribiron un protocolo de colaboración en relación co financiamento e execución das obras do proxecto de mellora do tratamento de augas residuais do núcleo de Portomourisco, no municipio de Petín.

Posteriormente, e en execución do previsto no dito protocolo, negociouse a subscrición do correspondente convenio de colaboración, no que se concretan as obrigas das partes.

A colaboración da Deputación, segundo o referido convenio, concrétase na concesión dunha subvención nominativa (xa prevista nos orzamentos da Deputación para o exercicio 2015), que de conformidade co artigo 65 do RD 887/2006, do 21 de abril, polo que se

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 10 de abril de 2015
--

aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, pode concederse a través dun convenio, que terá o carácter de bases reguladoras da concesión, recollendo o citado convenio os requisitos esixidos polo apartado 3 do dito artigo 65.

Polo exposto, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º.- Aproba-lo convenio de colaboración entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Petín, para financiamento e execución das obras do proxecto de mellora do tratamento de augas residuais do núcleo de Portomourisco, con suxeición ás seguintes cláusulas:

“PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente Convenio ten por obxecto determina-las condicións que rexerán o financiamento, redacción do proxecto, posta a disposición dos terreos, execución e posterior entrega das obras e a formalización da encomenda de xestión para o mantemento e conservación das obras e instalacións no proxecto titulado “Proxecto para a mellora do tratamento das augas residuais do núcleo de Portomourisco, TM de Petín (Ourense)”.

SEGUNDA.- DURACIÓN, MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN DO CONVENIO

1.- O presente convenio producirá efectos a partir da data da súa subscrición. En relación coa súa vixencia haberá que ter en conta o seguinte:

a) Vixencia en canto á redacción do proxecto e execución das obras

A súa vixencia concluírá cando teñan finalizado as actuacións obxecto deste convenio e se teña procedido á recepción das obras, liquidación do contrato e finalización do prazo de garantía.

b) Vixencia en canto á encomenda de xestión.

A súa vixencia será indefinida, a partir da data de entrega das actuacións conforme co establecido nas cláusulas sétima e duodécima.

2.- O convenio poderá extinguirse, durante a súa vixencia, por algunha das seguintes causas:

- c) O mutuo acordo das partes que o subscriben.
- d) A entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 10 de abril de 2015
--

c) O incumprimento de calquera das súas cláusulas.

Nos ditos supostos, establecerase, en función da causa concreta de extinción e á vista da situación particular das actuacións en curso, a forma de continuación destas e a forma de entrega das obras ó organismo competente.

3.- As posibles modificacións deste convenio deberán formalizarse mediante a subscripción do correspondente instrumento modificativo, cos mesmos requisitos e condicións esixidos para a aprobación do inicial.

TERCEIRA.-DESCRINCIÓN DA OBRA

O obxectivo da actuación recóllese no “Proxecto para a mellora do tratamento das augas residuais do núcleo de Portomourisco, TM de Petín (Ourense)” e consistirá na execución dun humidal artificial para a depuración das augas residuais da poboación citada, eliminando o decantador-dixestor existente e conectando a rede que accede a este no seu estado actual coa nova infraestrutura para construír.

CUARTA.- CUSTO DAS ACTUACIÓNS E FINANCIAMENTO RELATIVO Á EXECUCIÓN DAS OBRAS E INSTALACIÓNS

1.- O investimento total necesario para a actuación estimouse en 55.000 €.

2.- Para afrontar-lo custo do investimento existe crédito, adecuado e suficiente, de acordo coas anualidades previstas na cláusula terceira, na aplicación orzamentaria 456A60, código de proxecto 2012 23 231 0005 do orzamento de gastos da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

3. De acordo co anterior, o financiamento da obra realizarase de conformidade coa seguinte fórmula:

- A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil achegará 27.500 euros do custo inicialmente previsto, o que supón unha porcentaxe do 50% do investimento inicialmente previsto.*
- A Deputación Provincial de Ourense achegará 27.500 euros do custo inicialmente previsto, o que supón unha porcentaxe do 50% do investimento inicialmente previsto.*

4. As dúas partes asumirán, en idéntica porcentaxe (50%) cada unha, as variacións económicas que se poidan producir, á alza ou á baixa, por modificacións, revisións de

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 10 de abril de 2015
--

prezos, liquidación do contrato, obras complementarias, así como por calquera outra modificación que se aprobe na execución dos contratos de obras ou servizos. Se as ditas variacións supuxesen que o custe total das actuacións resultase superior ó inicialmente previsto (cláusula 4.1 do presente convenio) o financiamento adicional necesario instrumentaríase mediante a oportuna modificación do presente texto convencional, tramitándose a correspondente addenda.

5. Con cargo ó importe previsto na cláusula 4.1, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil afrontará tanto o custo do proxecto, como da obra, dirección e vixilancia desta, ademais dos gastos correspondentes ás medidas de seguridade e saúde. Os valores estimados para cada un destes conceptos son:

- Asistencia técnica para a redacción do proxecto e dirección das obras: estímase en 5.000 euros, Imposto do valor engadido incluído.*
- Contrato de obras, incluíndo medidas de seguridade e saúde: estímase en 50.000 euros, Imposto do valor engadido incluído.*

QUINTA.- ANUALIDADES E ACHEGAS

1.- A actuación obxecto do presente convenio órzase unicamente na anualidade de 2015. A distribución dos importes correspondentes a cada cofinanciador indícase no anexo I ó presente convenio. Non obstante, a distribución de anualidades poderá modificarse se resultara necesario incrementa-lo número daquelas, para acomoda-lo financiamento á execución das actuacións.

2. A achega da Deputación Provincial de Ourense materializarase mediante a transferencia dos fondos precisos á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, previa certificación por esta dos compromisos adquiridos (fase contable D) xunto coa copia dos documentos acreditativos do gasto comprometido, ou retido, en caso da liquidación final.

Non obstante, para os efectos de declarar xustificada a subvención, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil remitiralle á Deputación Provincial de Ourense, xustificación dos gastos realizados (copia compulsada dos documentos contables OP, certificación e factura) antes do 30 de decembro de 2015.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 10 de abril de 2015
--

3. As transferencias de fondos efectuaranse no prazo de dous meses desde a recepción da precitada certificación. Serán ingresadas na conta que a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil ten aberta no Banco de España: 9000 0022 10 0200001328.

O importe reflectido na cláusula cuarta será o máximo que a Deputación Provincial de Ourense teña que achegar no exercicio 2015, con independencia de que o ritmo de execución das actuacións fora superior, salvo que se modifique previamente o importe total do convenio, caso no que lles corresponderá a cantidade derivada da dita novación convencional.

4. Cando se prevexa que a execución non alcance a contía inicialmente prevista para unha anualidade, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil porao en coñecemento da Deputación Provincial de Ourense para que esta poida efectua-los oportunos axustes financeiros e orzamentarios, como un reaxuste de anualidades. A dita comunicación haberá de realizarse antes de que conclúa o mes de outubro.

5. Se é o caso, o importe non certificado pasará, automaticamente, ó exercicio 2016.

SEXTA.-TRAMITACIÓN DOS EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN

1. A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil licitará, adjudicará e xestionará os contratos da obra, servizos e calquera outros necesarios para a execución do presente convenio, ata a terminación definitiva das obras.

2. As posibles incidencias nos contratos de obra ou servizo, así como as actuacións complementarias a estes, unha vez aprobadas polo presidente da confederación como órgano de contratación do organismo de conca, seranlle comunicadas á Deputación Provincial de Ourense en relación co establecido nas cláusulas cuarta e quinta.

SÉTIMA.- ENTREGA E RECEPCIÓN DAS ACTUACIÓNS

1. Unha vez finalizadas e recibidas as obras por parte da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, comunicaráselles ó Concello de Petín e á Deputación Provincial de Ourense tal circunstancia, achegando unha copia da acta de recepción, sendo entregadas para o seu uso público ó Concello de Petín para o seu mantemento e conservación.

2. A dita entrega poderá realizarse por fases, cando, de acordo co disposto no artigo 235.5 d) do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público e no artigo 165 do Regulamento xeral de

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 10 de abril de 2015
--

contratos das administracións públicas, caiba a recepción parcial da obra e a súa entrega para o uso público ó que está destinada.

3.- A entrega entenderase materializada pola mera notificación ó Concello de Petín achegando unha copia da acta de recepción. A partir deste momento, a dita entidade local asumirá tódolos dereitos e obrigas inherentes ó cesionario.

4.- A entrega das precitadas obras efectuarase polo organismo de conca en adecuadas condicións de uso.

OITAVA.- OBRIGAS E FACULTADES DA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL

Correspóndenlle á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, as seguintes obrigas:

- 7. Financia-las actuacións de acordo co disposto nas cláusulas cuarta e quinta do presente convenio.*
- 8. Licitara, adxudicara e xestiona-los contratos da obra e servizos precisos, así como as demais actuacións precisas para executa-lo convenio de colaboración ata a súa terminación definitiva.*
- 9. Realizar, unha vez terminadas as obras, a recepción destas.*
- 10. Unha vez recibidas as obras en adecuadas condicións de uso, notificarlle este acto ó concello, achegando unha copia da acta de recepción a modo de entrega, para que este asuma a súa xestión, mantemento e conservación.*
- 11. Pór a disposición da encomendada das instalacións que cumpran as condicións técnicas e legais necesarias para o seu funcionamento.*
- 12. A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil quedará obrigada durante a duración do prazo de garantía, dun ano, á reparación daqueles defectos imputables á execución e que se manifesten con posterioridade ó acto de recepción. Esta garantía non cubrirá as deterioracións por un uso inadecuado das instalacións, nin as debidas a actos vandálicos, nin as deterioracións debidas ó paso do tempo, nin defectos no cumprimento das condicións de vertido.*

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil resérvase as funcións de inspección e control sobre os bens cuxo uso se entrega.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 10 de abril de 2015
--

NOVENA.- OBRIGAS E FACULTADES DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.

- 1.- A Deputación Provincial de Ourense asume a achega da parte nacional do financiamento, conforme co establecido nas cláusulas cuarta e quinta.
- 2.- A entidade local acepta que a explotación e conservación das obras realizadas se leve a cabo polo Concello de Petín en virtude da encomenda de xestión que se articula na cláusula duodécima.

DÉCIMA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE PETÍN

Corresponderanlle ó Concello de Petín, as seguintes obrigas:

8. A xestión, explotación, mantemento e conservación das obras obxecto deste convenio, a partir do día seguinte á recepción da notificación descrita no punto primeiro da cláusula sétima, converténdose, para tódolos efectos, no único responsable da infraestrutura construída, asumindo os dereitos, obrigas e cargas inherentes ó dito mantemento e conservación.
9. O pago de todos cantos tributos graven as ditas instalacións, incluso, se é o caso, o Imposto sobre bens inmobles e os custos de subministracións e servizos necesarios para a conservación das instalacións e en xeral, de tódolos gastos derivados da xestión, mantemento e conservación das obras obxecto deste convenio.
10. A aprobación do proxecto construtivo de forma que substitúa ó outorgamento da licenza municipal, en caso de que esta resultara necesaria.
11. Realiza-las obras de mantemento e conservación das infraestruturas que sexan necesarias, comprometéndose a asumi-los gastos que destas poidan derivarse.
12. En xeral, todas aquelas obrigas que non lle sexan directamente atribuíbles ó titular das instalacións e do servizo que se encomenda.

UNDÉCIMA.- FACULTADES DO CONCELLO DE PETÍN

O Concello de Petín queda autorizado, a partir da entrega do construído, a utiliza-las obras entregadas de acordo cos fins que motivaron a súa execución.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 10 de abril de 2015
--

DUODÉCIMA. – RÉXIME DE TITULARIDADE E ENCOMENDA DE XESTIÓN

1.- A presente cesión, en réxime de encomenda de xestión, non supón cambio no réxime da titularidade das obras e instalacións obxecto desta, sen prexuízo das competencias que sobre a materia lle corresponden ó Estado.

2.- De acordo co anterior, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (encomendante) encoméndalle a xestión para o mantemento e conservación das obras de infraestrutura de saneamento realizadas ó Concello de Petín (encomendado) que as acepta.

3.- Esta encomenda ten carácter indefinido, sen prexuízo da posibilidade de revogación por motivos de interese xeral, ou ben, previa denuncia das partes, con preaviso de seis meses, por incumprimento das obrigas respectivamente asumidas no presente instrumento.

4.- Non obstante o dito réxime, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil consente expresamente que o Concello de Petín poida xestionar-la explotación, mantemento e conservación das instalacións obxecto do presente convenio, directa ou indirectamente, segundo o establecido na normativa vixente.

DÉCIMO TERCEIRA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o desenvolvemento desta colaboración e ata o momento da entrega das actuacións, establécese unha Comisión Técnica Mixta, que estará composta por dous representantes da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, un representante da Deputación Provincial de Ourense (este ata que non se reciban) e un representante do Concello de Petín, que se reunirán tantas veces sexa necesario, a petición de calquera das partes. Unha vez entregadas as obras, corresponderanlle ambos representantes ó concello de referencia.

Esta comisión coordinará as actuacións relacionadas co obxecto do presente convenio, intentando resolver-las dúbidas que poidan xurdir en canto á súa execución.

DÉCIMO CUARTA.- ORDE XURISDICCIONAL COMPETENTE

Sen prexuízo das funcións que se lle atribúen á Comisión de Seguimento na cláusula anterior, as cuestións litixiosas que poidan suscitarse respecto á aplicación, interpretación

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 10 de abril de 2015
--

e cumprimento do seu contido serán competencia da Orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

DÉCIMO QUINTA.- PUBLICIDADE

Este convenio de colaboración será obxecto de publicación de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Neste sentido, as partes prestan expresamente o seu consentimento para que se lle dea ó presente convenio a publicidade esixida”.

ANEXO I

ANUALIDADES PREVISTAS

Proxecto para a mellora do tratamento das augas residuais do núcleo de Portomourisco, TM de Petín (Ourense)

PROGRAMACIÓN INICIAL DAS ANUALIDADES PREVISTAS

	TOTAL	Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (50%)	Deputación Provincial de Ourense (50 %)
2015	55.000,00 €	27.500,00 €	27.500,00 €
TOTAL	55.000,00 €	27.500,00 €	27.500,00 €

2º.- Autorizar e dispo-lo gasto correspondente á achega comprometida no dito convenio pola Deputación Provincial para a anualidade 2015, conforme coa cláusula 4ª do referido convenio, por un importe de 27.500,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 72109/17911 do orzamento da Deputación Provincial para o exercicio 2015.

11.- RATIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN FERIAS Y EXPOSICIONES DE OURENSE E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.-

No Pleno con data 30 de xaneiro de 2015 acordouse aproba-lo expediente nº 1/2015, de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ó ano 2015, destinando unha subvención de 50.000,00 euros a favor da Fundación Ferias y Exposiciones de Ourense, para que a dita entidade leve a cabo a realización de varias actividades, con cargo á aplicación orzamentaria 431.12/489.01.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 10 de abril de 2015
--

Unha vez visto o convenio de colaboración entre a Fundación Ferias y Exposiciones de Ourense e a Deputación Provincial de Ourense, para que a Fundación Ferias y Exposiciones de Ourense realice varias actividades, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda o seguinte:

Primeiro.- Ratifica-lo convenio de colaboración entre a Fundación Ferias y Exposiciones de Ourense e a Deputación Provincial de Ourense, firmado con data 4 de novembro de 2014, co seguinte detalle por actividades:

Actividades	Orzamento
Foro da Comunicación de Galicia 2014	5.000,00 €
Concurso de Proxectos Tecnolóxicos 2014	1.500,00 €
Vinis Terrae 2015	20.000,00 €
Nortrans 2015	7.000,00 €
Termatalia 2015	10.000,00 €
Foro da Comunicación de Galicia 2015	5.000,00 €
Concurso de Proxectos Tecnolóxicos 2015	1.500,00 €
Total	50.000,00 €

Segundo.- A subvención concedida xustificarse coa presentación de conta xustificativa simplificada de cada unha das actividades que figuran no apartado primeiro e por un importe total de 50.000,00 euros, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán:

- 1- Os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.
- 2- Declaración responsable comprensiva do feito de non atoparse incurso o beneficiario nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións.
- 3- Certificacións de estar a entidade ó día no cumprimento das obrigacións tributarias estatal, autonómica e coa Seguridade Social.

Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acredita-la realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 10 de abril de 2015
--

simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ó do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

Terceiro.- O prazo de xustificación é ata o día 31 de outubro de 2015.

12.- RATIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN CARLOS CASARES E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.-

No Pleno con data 30 de xaneiro de 2015 acordouse aproba-lo expediente nº 1/2015, de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ó ano 2015, destinando unha subvención de 30.000,00 euros a favor da Fundación Carlos Casares, para que a dita entidade leve a cabo a realización de actividades correspondentes ó ano 2015, con cargo á aplicación orzamentaria 334.17/489.09.

Unha vez visto o convenio de colaboración entre a Fundación Carlos Casares e a Deputación Provincial de Ourense para que a dita fundación realice actividades correspondentes ó ano 2015, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda o seguinte:

Primeiro.- Ratifica-lo convenio de colaboración entre a Fundación Carlos Casars e a Deputación Provincial de Ourense, firmado con data 12 de decembro de 2014, para que a dita fundación realice actividades correspondentes ó ano 2015.

Segundo.- A subvención concedida xustificarse coa presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán:

- 4- Os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.
- 5- Declaración responsable comprensiva do feito de non atoparse incurso o beneficiario nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións.
- 6- Certificacións de estar a entidade ó día no cumprimento das obrigacións tributarias estatal, autonómica e coa Seguridade Social.

Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 10 de abril de 2015
--

acredita-la realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ó do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

Terceiro.- O prazo de xustificación é ata o día 30 de novembro de 2015.

13.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE RIÓS PARA OPTIMIZACIÓN EFICIENCIA ENERXÉTICA EN COVELAS.- No Pleno con data 31 de outubro de 2014 acordouse aproba-lo orzamento xeral para o ano 2015. Na base 88 do capítulo XIV figura con carácter nominativo, para a súa concesión directa, de acordo co artigo 22.2 a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, unha subvención de 30.000,00 euros a favor do Concello de Riós, para optimización eficiencia enerxética en Covelas, con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01.

Unha vez vista a solicitude de subvención formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** a aprobación dunha subvención ó Concello de Riós, nos seguintes termos:

-Importe: 30.000,00 euros.

-Obxecto: optimización eficiencia enerxética en Covelas.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, debidamente aprobados polo órgano correspondente.

Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso accredita-la realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 10 de abril de 2015
--

das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ó do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 31 de xullo de 2015.

14.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE SARREAUS PARA COFINANCIAMENTO DE FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL E OPTIMIZACIÓN ENERXÉTICA.- No Pleno con data 31 de outubro de 2014 acordouse aproba-lo orzamento xeral para o ano 2015. Na base 88 do capítulo XIV figura con carácter nominativo, para a súa concesión directa, de acordo co artigo 22.2 a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, unha subvención de 50.000,00 euros a favor do Concello de Sarreaus, para cofinanciamento de fondo de compensación ambiental e optimización enerxética, con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01.

Unha vez vista a solicitude de subvención formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** a aprobación dunha subvención ó Concello de Sarreaus, nos seguintes termos:

-Importe: 46.449,28 euros.

-Obxecto: cofinanciamento de fondo de compensación ambiental e optimización enerxética.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, debidamente aprobados polo órgano correspondente.

Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acredita-la realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 10 de abril de 2015
--

das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ó do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

- **Prazo xustificación:** ata o 31 de xullo de 2015

15.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.

16.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non se presentaron.

17.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás trece horas e trinta minutos, do referenciado día dez de abril do ano dous mil quince, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,